

PEREGRINOS DA FRANQUEIRA

Listado de peregrinos ilustres que visitaron o santuario da Nosa Señora da Franqueira segundo consta nos documentos e libros de autógrafos e libro de ouro do santuario. Sinalar ós bispos da Diocese, por exemplo, é facendo constar algunha acción concreta con respecto ó santuario. Tamén son moitos os Concellos, cos seus alcaldes, que en outras datas fixeron a súa presenza ante a Virxe, así como presidentes da Deputación Provincial.

Peregrinan ó longo do ano, grupos, movementos, asociacións, parroquias, institucións eclesiais e civís que veñen a honrar á Nai de Deus

Santa Isabel de Portugal, A Raíña Santa, (1335), peregrina camiño de Santiago de Compostela.

D. Payo Sorrodea e Soutomaior, (134?) Señor de Salvaterra para encomendarse á súa protección el e maila súa muller Inés de Castro.

D. Federico de Est., (1828), príncipe de Saxonia camiño de Compostela.

Mons.. D. Leopoldo Eijo Garay, (12/06/1916), Bispo de Tui, manifesta o desexo de Coroar canonicamente a Virxe da Franqueira

D. Fernando A. de Sotomaior (1922), pintor, director do Museo del Prado, Madrid.

D. Alejandro Mon. (08/09/1923), Deputado en Cortes.

D Ramón Cabanillas , (192?), escritor, Membro da Real Academia Galega e poeta da raza.

D. Rafael Fernández Martínez (26/05/1958), Gobernador Civil de Pontevedra.

D. Prudencio Landín Carrasco (06/06/1960), Presidente da Deputación de Pontevedra.

Mons. Frei Xosé López Ortiz, Bispo da Diocese de Tui- Vigo de 1944 a 1969. No 21 de xullo de 1963 presidiu a Coroación canónica da Imaxe da Virxe da Franqueira.

D. Faustino Rei Romero (196?), Sacerdote e escrito, membro da Real academia galega.

Mons.. D. Xosé Delicado Baeza, (18-V-1970). Bispo de Tui-Vigo, posteriormente Arcebispo de Valladolid.

D. Ramón Otero Pedraio (22/01/1972), escritor e patriarca da lingua galega.

D. Benedicto Conde (22/ 09/ 1972), periodista e fotógrafo.

D. Eduardo Blanco Amor (1973), escritor.

Asociación de la Casa de Galicia en Buenos Aires (12/ 07/ 1973)

D. Mariano Rajoy Brey (19/05/1986), Presidente da Deputación de Pontevedra, actualmente presidente do goberno de España.

Mons. D. Xosé Cerviño Cerviño, (30/ 05/ 1977), Bispo da Diocese de Tui-Vigo. No 23 de xullo de 1988 consagrou a Diocese á Virxe da Franqueira.

Mons. D. Ramón Búa Otero, (19/08/1987), Bispo de Tarazona.

Frei Xosé R. Carballo OFM, (30/04/1988), actualmente Arcebispo Secretario da Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica

Mons. D. Gilberto Gómez González (09/06/2002), Bispo de Abancay, Perú.

D. Arturo Carreiro, (19/06/2005), periodista de New York Times

Mons. D. Carles Soler i Perdigó, (15/07/2005), Bispo de Girona

Frei Xosé Ignacio Méndez, (29/07/2006), Abade dimisionario de Oseira.

D. Pablo Domínguez Prieto, (30/07/2006), Decano de Teoloxía de San Dámaso, Madrid.

Mons. D. José María Ortega Trinidad, (18/05/2007), Bispo da Prelatura de Juli, Perú.

D. Pablo Seco, (03/12/2008), Misioneiro no Xapón

D. Inocente García de Andrés, (28/03/2009), Delegado de Familia e Vida da Diocese de Xetafe, xunto cos responsables de Encontros de Noivos.

D. Rafael Louzán (01/06/2009), presidente da Deputación de Pontevedra, xunto cos alcaldes da comarca.

Frei Martín Méndez, Orden Hospitalaria San Xoan de Deus, (08/2009), reside no Vaticano e traballa na botica.

D. Javier Rubio, (08/2009), Focolares, Obra de María, Director da Revista Ciudad Nueva.

D. Diego de Giraldez, (22/09/2009), pintor.

Frei Juan Javier Martín, (27/07/2010), Abade de Oseira. Actualmente abade de Dueñas.

D. Juan Ignacio R, e D. Felipe Rodríguez, (28/08/2010), sacerdotes responsables da Catequese e do Catecumenado na Conferencia Episcopal Española.

Mons. D. Manuel Sánchez Monje, (14/01/2011), Bispo de Mondoñedo- Ferrol.

Hno. Cristian, (20/02/2011), Membro da Comunidade de Taizé, Francia.

Mons. D. Carlos Amigo Vallejo, (22/07/2011), Cardeal Arcebispo Emérito de Sevilla.

Mons. D. Denis Moutel, (14/08/2011), Bispo de Saint- Brieuc et Tréguier, na Bretaña Francesa.

D. Rafael Aguirre (01/02/2012), profesor de Sagrada Escritura en Deusto.

D. Alberto Núñez Feijoo, (28/05/2012), Presidente da Xunta de Galicia

Mons. D. Luis Quinteiro Fiuza (08/12/2012), Bispo de Tui- Vigo na apertura do Ano Xubilar.

Frei Luís Bernardo Sacadura Botte Aranha, (11/02/2013), Abade Dimisionario de Singeverga, Portugal.